

## *Anuncio da aprobación definitiva da Ordenanza municipal de normalización lingüística*

Aprobación definitiva e publicación da Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Val do Dubra.

Transcorrido o prazo de información pública e audiencia dos interesados a que foi sometido o expediente da Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Val do Dubra, aprobada inicialmente por acordo plenario de data 2 de outubro de 2003, sen que se presentasen reclamacións ou suxestións, o acordo de aprobación inicial do Concello pleno anteriormente citado enténdese definitivamente adoptado, procedéndose de seguido á publicación íntegra da devandita ordenanza.

### ORDENANZA MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### **Introducción**

A principal manifestación da identidade cultural dun pobo é a súa lingua. O galego foi, no decorrer da súa historia, a lingua normal de comunicación dentro de Galicia. O seu uso era común e chegaba a tódolos ámbitos na segunda metade do século XIII. Era a lingua vehicular de toda a poboación.

É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nestes contextos formais, manténdose como lingua oral. Tras un longo período no que a lingua permaneceu asolagada, no século XVIII xorden importantes voces que piden a restitución do uso do galego nos diferentes eidos.

Coa chegada da democracia aparece xa un marco legal que apoiará a normalización do galego.

A Constitución española establece no artigo 3 que, como patrimonio cultural, a lingua "será obxecto de especial respecto e protección".

O artigo 5.3 do Estatuto de Autonomía vai máis alá ó demandar dos poderes públicos de Galicia que garantan o uso normal e oficial da lingua galega - xuntamente coa castelá- e potencien o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa "e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento".

Cando o Estatuto de Autonomía outorga carácter oficial á súa lingua está impoñendo obrigas ós poderes públicos autonómicos. Ós poderes públicos impónselle-lo coñecemento da lingua como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados con plena validez para os efectos xurídicos. Esta é a xurisprudencia do Tribunal Constitucional recollida no fundamento xurídico segundo a sentenza 82/1986.

A Lei de normalización lingüística de Galicia no artigo 5.4 establece que "a Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei".

En virtude do disposto naquel precepto legal, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, que dá cumprimento ó mandato estatutario.

Por iso, en Galicia, onde a inmensa maioría da poboación fala ou entende a súa lingua, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas á dinamización e recuperación do noso idioma para os usos administrativos. O papel que xogan os concellos resulta de grande relevancia en calquera proxecto oficial que busque unha grande efectividade social, por seren institucións de enorme espallamento e as máis próximas ás e ós cidadáns, de aí que o equipo de Goberno do Concello de Val do Dubra lle encargara ó Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Val do Dubra a elaboración e a súa posterior proposta de aprobación polo Pleno do Concello da seguinte Ordenanza de normalización lingüística, a cal fixará os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes situacións comunicativas.

## CAPÍTULO PRIMEIRO. O GALEGO COMO LINGUA OFICIAL DO MUNICIPIO

### **Artigo 1.º .-O galego como lingua oficial do Concello de Val do Dubra.**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é idioma oficial do Concello de Val do Dubra.

2. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

3. As e os cidadáns teñen dereito a seren atendidos/as e obteren copia ou recibiren notificacións da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

### **Artigo 2.º .-Aplicación no ámbito municipal.**

1. O uso da lingua galega por parte do Concello de Val do Dubra rexeráse polos criterios establecidos nesta ordenanza. O Concello, os organismos, entidades e sociedades que del dependan e as autoridades e o persoal ó seu servicio empregarán normalmente o galego nas actuacións internas e nas súas relacións cos/coas cidadáns e coas entidades públicas e privadas situadas en Galicia.

2. O Concello de Val do Dubra impulsará a normalización do galego a tódolos niveis e coordinará as accións necesarias para dar cumprimento ó espírito desta ordenanza.

3. O Concello de Val do Dubra manterá un Servicio de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsa-la normalización do galego a tódolos niveis e coordina-las accións necesarias para dar cumprimento ó espírito desta ordenanza.

### **Artigo 3.º .-Aplicación noutros ámbitos.**

O Concello velará para que os principios anteriores se apliquen nos organismos supramunicipais dos que forme parte e nas relacións interadministrativas coas demais administracións públicas de Galicia.

## CAPÍTULO II. DO USO INTERNO DO GALEGO

### **Artigo 4.º .-Das sesións, actas e resolucións municipais.**

1. As actuacións internas do Concello faranse en galego.

2. Será redactada integramente en lingua galega, en cumprimento da lexislación vixente, a seguinte documentación:

2.1. As convocatorias das sesións de tódolos órganos colexiados do Concello de Val do Dubra, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas, rogos, preguntas, tribunais de oposicións e concursos, e as actas dos citados órganos municipais. Tamén se redactarán en galego as notificacións e comunicacións dos actos anteriores.

2.2. As resolucións de tódolos órganos municipais.

3. Toda a documentación xerada polo Concello que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.

4. As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, tódolos actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome do Concello de Val do Dubra.

5. Os rótulos indicativos de oficinas e despachos, as cabeceiras de toda clase de impresos, os selos de goma, os cuños e outros elementos semellantes deberán de estar escritos en galego.

#### **Artigo 5.º .-Dos expedientes administrativos.**

1. Os informes e demais documentos que integran os documentos administrativos redactaranse en lingua galega.

2. Os modelos de documentación utilizados na Administración municipal elaboraranse en galego.

#### **Artigo 6.º .-Dos contratos e escrituras públicas.**

1. Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deba producir efectos fóra de Galicia, tamén será redactado en castelán. No caso de que o Concello de Val do Dubra concorra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase na lingua que se acorde e, de se-lo caso, o Concello solicitará unha copia en galego para incorporala ó expediente, na que se faga constar que é tradución do seu orixinal.

#### **Artigo 7.º .-Dos rexistros administrativos.**

Sen prexuízo do que dispón o artigo 9.º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os asentos dos rexistros administrativos do Concello de Val do Dubra, estenderanse en galego con independencia da lingua na que estea redactada o documento obxecto de inscrición.

### **CAPÍTULO TERCEIRO. DO USO EXTERNO DO GALEGO**

#### **Artigo 8.º .-Da atención ó público.**

1. As autoridades e o persoal ó servizo do Concello de Val do Dubra e das entidades e organismos dependentes del, utilizarán normalmente o galego como lingua de relación cos cidadáns e de atención ó público, sen prexuízo do dereito de elección lingüística ó que se refire o artigo 1.º .3.

2. Con independencia do anterior, as autoridades e servizos que teñan unha relación máis intensa cos veciños e coas entidades e asociacións cidadás promoverán o uso do galego como lingua normal de comunicación, a información sobre os dereitos lingüísticos e, se é o caso, a colaboración en materia de normalización lingüística.

#### **Artigo 9.º .-Dos anuncios e a publicidade institucional.**

1. Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade Autónoma redactaranse en galego.

2. Con carácter xeral, as publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico e as campañas de divulgación e publicidade realizaranse en lingua galega.

#### **Artigo 10.º .-Dos actos institucionais.**

Os cargos do Concello expresaranse xeralmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

#### **Artigo 11.º .-Da programación cultural e educativa do Concello.**

Os programas de actividades culturais e educativas do Concello terán en conta os obxectivos de divulga-lo coñecemento e promove-la utilización da lingua galega.

#### **Artigo 12.º .-Topónimos, sinalización e rótulos.**

1. Consonte o que dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Val do Dubra é a galega igual cá dos demais topónimos de Galicia.

2. Os rótulos e sinalizacións da Casa do Concello e dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal serán redactados en lingua galega.

Cando o interese xeral así o requira os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.

### **CAPÍTULO IV: DO USO DO GALEGO NAS RELACIÓNS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS**

#### **Artigo 13.º .-Das relacións con outras administracións públicas.**

O Concello de Val do Dubra utilizará o galego nas relacións coas demais administracións públicas de Galicia e cos organismos da Administración Xeral do Estado radicados na nosa comunidade.

## CAPÍTULO V. DA CAPACITACIÓN LINGÜÍSTICA DO PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN

### **Artigo 14.º .-Obxectivo.**

Todo o persoal ó servizo da Corporación debe estar en condicións de empregar a lingua galega adecuadamente en forma oral e escrita de acordo co nivel correspondente ó posto de traballo que desempeñe.

### **Artigo 15.º .-Medios.**

Para acadalo obxectivo sinalado no artigo anterior establécense as seguintes regras:

1. Nos procedementos de selección de persoal deberase acreditar o coñecemento do idioma galego a través do exercicio ou exercicios escritos e/ou orais que sinalen as bases da convocatoria e que será axeitado ó nivel da praza de que se trate.

2. Nos procedementos de provisión de postos de traballo o coñecemento da lingua galega constituirá un mérito avaliábel que se deberá acreditar por medio dos títulos oficiais que se sinalen.

### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez que se cumpran os requisitos que prevé o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Val do Dubra, 22 de novembro de 2003.

O alcalde, Juan Manuel Baleato Iglesias.

Reg. 12425-x